

## **LIXO ELECTRICO E ELECTRONICO**

O lixo eléctrico e electrónico incrementou a pasos axigantadas na última década . Cada vez son máis os ordenadores, móbiles, memorias USB, electrodomésticos... que consumimos e tiramos. En Galicia producimos máis de 4.000 toneladas deste tipo de lixo ao ano, que é o peso equivalente a 700 elefantes.

## **PROBLEMAS DERIVADOS DO LIXO ELECTRICO E ELECTRONICO**

Este tipo de lixo é moi contaminante, pois son aparellos que conteñen unha alta cantidade de elementos tóxicos, como o chumbo, o mercurio, o níquel, o litio ou o cadmio, todos eles moi prexudiciais para o medio ambiente e a saúde humana. Nos humanos poden provocar cancros, alerxias, problemas respiratorios... e, para que vos fagades unha idea, unha soa pila botón pode contaminar 600.000 litros e un só frigorífico pode emitir unha cantidade de gases equivalente aos dun coche circulando durante 15.000 quilómetros. Por iso debemos prestarlle moita atención!

## **A IMPORTANCIA DA RECICLAXE**

Reciclar os aparellos eléctricos e electrónicos é fundamental e está nas nosas mans! O proceso de reciclaxe comeza cando botamos o móbil , o ordenador, unha pila, un televisor... nun punto limpo do noso concello en vez de nun contenedor da rúa. Con esta acción tan sinxela conseguiremos que este aparello non acabe tirado nun vertedoiro calquera, degradándose e contaminando o medio.

Dende os puntos limpos envían o lixo ata as plantas de reciclaxe, onde separan os seus compoñentes. Por un lado os elementos contaminantes, que se tratarán ata descontaminalos e polo outro o resto do material: plástico, vidro, aluminio, cobre, ouro... Os compoñentes non contaminantes recíclanse e empréganse na fabricación de novos produtos.

Mercar aparellos de segunda man e alongar a súa vida ao máximo é outra forma de contribuír coa saúde do planeta.

## **QUE E UN PUNTO LIMPO?**

Os puntos limpos son lugares habilitados polos concellos para almacenar os residuos que non se poden botar nos colectores da rúa: lavadoras, móbiles, pilas, microondas, aceites... Dende estes puntos distribúese o lixo entre as distintas plantas de reciclaxe para o seu tratamento.

Ademais dos puntos limpos tamén recollen lixo eléctrico ou electrónico algunhas tendas especializadas, como as ferraxerías.

Neste enlace, podedes ver todos os puntos limpos de Galicia: <http://sirga.xunta.gal/listaxe-de-puntos-limpos>.

## **A OBSOLESCENCIA PROGRAMADA**

Este nome tan raro foi inventado na primeira metade do século XX. Consiste en fabricar aparellos cunha data de caducidade programada. Ao chegar a esta data os aparellos deixan de funcionar. Tamén se deixan de fabricar recambios para podermos arranxalos. Desta maneira vémonos na obriga de volver mercar un aparello novo. Para os fabricantes é unha boa forma de gañar diñeiro, mais esta forma de fabricación é mo prexudicial para todos nós par o planeta, pois consúmense moitos recursos naturais( minerais, metais, petróleo...) A

maioría destes recursos necesarios para producir tanto aparellos extraéanse de países pobre, deixando estas zonas da Terra totalmente degradadas. Ademais, o lixo e a contaminación que provoca tanta produción é enorme. Case todos os parellos eléctricos electrónicos que se venden nas tendas: móbiles, ordenadores, neveiras... teñen a data de caducidade programada, e cando quedan inservibles e non os reciclamos a maioría acaban en vertedoiros sen ningún control, de África e Asia, como Ghana, Nixeria, a India... causando graves danos nas poboacións locais. A Unión Europea prohíbe exportar o lixo eléctrico e electrónico que producimos a estes países, mais polo momento non se está a cumprir e cada ano milleiros de toneladas saen cara alá.

Asesoramento: Sergio Fernández, Enxeñería sen fronteiras galicia.

<http://esfgalicia.blogspot.com.es/>

Xornal o Papagaio / Ecoloxía  
marzo de 2017